



Tal e como consta na acta da reunión do Xurado designado para o concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel de anteproxectos, para a adaptación do complexo do antigo hospital xeral como futura cidade da xustiza de Vigo celebrada o día 15 de xullo de 2016, a candidatura número 33, correspondente ao lema AVATAR, non presenta CD coa documentación da proposta presentada.

De acordo co previsto no apartado 7.2.3 do prego de bases que rexexe no concurso de ideas, con intervención de xurado, a nivel de anteproxectos, para a adaptación do complexo do antigo hospital xeral como futura cidade da xustiza de Vigo (**Código expediente: 2016-SESE 21-Lp**) no sobre B debe achegarse un CD, rotulado igual que o sobre B, que conteña a documentación gráfica da proposta, consistente nun arquivo .pdf ou .jpg de cada un dos paneis e, ademais, a documentación escrita en archivos .doc ou .pdf. Os archivos nomearanse co lema, seguido, se é o caso, do número de orde do panel.

Tendo en conta o anterior, **no prazo de tres días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación deste requerimento no perfil do contratante e na páxina web do COAG, debe remitir o referido CD.

Esta documentación poderase presentar:

- Na oficina do Rrexistro Xeral e de Información á Cidadanía da Xunta de Galicia, situado no Complexo Administrativo de San Caetano, en Santiago de Compostela, dentro dos dous meses de prazo indicado nos anuncios de licitación e virán dirixidos a:  
**Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.**  
**Secretaría Xeral Técnica**  
**Complexo Administrativo San Caetano, Bloque 1 – 1º andar**  
**15781 – Santiago de Compostela**
- Por correo. Neste caso, deberán xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos (será requisito indispensable que se trate dunha oficina de correos prestadora do Servizo Postal Universal) e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da documentación mediante télex, Fax (981 54 42 39) burofax ou telegrama no mesmo día.

En todo caso, o anonimato deberá quedar garantido, de maneira que non aparezan datos da persoa ou empresa que realiza o envío. En caso contrario será rexeitada a proposición.

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2016

A Secretaria do xurado

Natalia Lobato Mosquera

